

Son home só

Joan Vinyoli

Tradución de Luciano Rodríguez



Joan Vinyoli

Son home só

Selección e traducción de Luciano Rodríguez

Prólogo de Pere Rovira

Antoloxía

Esta traducción non se tería realizado sen a existencia en Barcelona de Joan Rodríguez, meu irmán. Vai por ti, Xoán.

PRÓLOGO

Eu non son un estudioso da obra de Joan Vinyoli. Tratei o poeta nos últimos anos da súa vida e continúo a ter trato coa súa poesía, que, logo do libro *Realitats*, se me fai extraordinariamente boa. Na poesía catalana dos cincuenta anos últimos, hai tres poetas, creo eu, fundamentais: Salvador Espriu, Joan Vinyoli e Gabriel Ferrater, comparables con calquera dos grandes mestres anteriores. Os tres comparten unha característica importante, nunha literatura un algo apoucada como a é a nosa: probaron de escribir desde a normalidade, e un nivel, digamos, moderno, sen pór como excusa a situación de inferioridade da cultura catalana. Non é, naturalmente, unha actitude inaugural -da mesma maneira tamén o fixeron Josep Carner e Carles Riba-, mais escribir boa poesía cunha lingua prohibida e nun país prohibido, e sobre todo, nun país gobernado pola prohibición de vivir, é difícil. Ao longo de moitos anos, a morte vai ser a explicación de todo; escribir sen pactar coa morte debe ser complicadísimo.

Destes tres poetas, Joan Vinyoli amósase o máis románticamente indefenso, o máis sometido á explicación poética dunha vida insuficiente. Esta era unha das súas armas: un personaxe literario capaz de transmitir un efecto de fragilidade moi semellante á de calquera de nós. Quero facer fincapé na palabra *efecto* porque na poesía de Joan Vinyoli sentimos a miúdo que hai pouca distancia entre o autor e os seus poemas. Naturalmente, trátase dunha sensación de proximidade creada, do esforzo por facer falar a unha persoa, aínda que frecuentemente fala un poeta. Ninguén sabe que é un poeta, senón unha persoa que fai poemas; supoño que por iso Joan Vinyoli dedicou a dignidade profesional a dirixir a súa vocación, non a representa-lo papel protagonista nas súas obras. Este desprazamento é un dos factores que marcan o cambio que se produce a partir de *Realitats*. Vinyoli diferencia no prólogo a comunicación da "forza emocional i de sentiment d l'artista", da súa presenza, como personaxe, nos poemas: "he incorporat a la meva poesia les realitats circundantes: els homes, les coses i els llocs concrets, de manera que es manifestin amb èmfasi, desesperats o conformats o feliços, o afirmant llur veritat, i entre aquestes figures jo, però no com a poeta que vol testimoniar la realitat en el sentit que abans deia, sinó d'una manera més dramàtica". Este desdoblamento significa que a realidade ben entendida ha comezar por un mesmo, e que Vinyoli non ten medo de se mesturar, como un máis, con "la gent de bar, un mecànic, un adroguer, les criatures que xisclen pels carrers i places, el barri vell, les avingudes noves, l'amor, la mort (...), la galeria de figures que s'ofereix a la consideració dels lectors". A súa aparición "dramàtica" debe entenderse na aceptación teatral do termo, como unha deliberada posta a proba do seu personaxe no mesmo escenario onde fai evolucionar aos outros.

Els nens que juguen i la gent

del bar em són amics. Passa una dona
de pressa amb el seu fill, entra un home blau fosc
amb clar signifi: jugarem a cartes
o al dòmino, som tres.

He decidit escriure
poesies concretes. Envelleixo, calen
realitats, no fum.

I tanmateix, un fum
ara m'entela , s'interposa, fluix,
entre la Cosa i jo, que totes les arestes
afina: ja el món quasi no fa mal.

A propósito deste fragmento comentaba Gabriel Ferrater: "el poeta puede descansar su mirada en multitud de objetos concretos y variados, a los que en apariencia capta en su inmediata sencillez. Pero la verdad es que los mira al trasluz, y para él son el 'correlato objetivo' de una única 'realidad': el largo saber de la vida que se ha acumulado en un hombre maduro, y siempre le presenta a cada objeto en infinita relación con el todo que forman los demás". Así é o peculiar realismo de Joan Vinyoli, a súa fidelidade simultánea nas cousas e a experiencia persoal das cousas. Vinyoli non é un poeta transfigurador, vén dicirnos Ferrater, as cousas forman parte, como tales, do seu mundo, aínda que a miúdo as converta en símbolos da súa experiencia do mundo. Os símbolos nacen do contacto concreto coas cousas, non de esquivalas ("calen realitats, no fum"): se un home se explica contemplando a realidade, contemplándose como parte dela, non ha caer na tentación "poética" de disfrazala, ao contrario:

La poesia allunya de las aparences

i fa propera la realitats.

O realismo de Joan Vinyoli é bastante máis complexo que o que se pretendeu que dominaba a poesía de posguerra. E o seu intimismo nada ten que ver cos esencialismos máis ou menos ilusionados. Vinyoli transcende os obxectos representándoos, sen falsificacións, fotográficas ou fantasiosas. En "L'acte darrer", por exemplo, as cousas son o que son, máis significan unha outra cousa:

Quan de vegades entro,
a poc a poc, a la petita casa
de mi mateix,
amb pas humit, a fil de matinada,
deixant a fora els arbres expectants,
un tremolor d'herba tocada

per l'esbatec del primer vent del dia,

vagits de llum,

m'adono prou

de quin desordre hi ha, quina remor,

quin moviment d'entrades i sortides

inútils, que el celler està buit

-car hom beu molt-, de restes de vianda

ja freda als plats -car hom menja a deshora,

de pressa i malament-,

que el vell fogó vessa de cendres

anteriors de focs que s'extingiren

fa molt de temps, però que no permeten

al nou de cremer bé.

.....

É un poema que fala do remorso (o lector atoparao completo, na traducción de Luciano Rodríguez), este grande tema da modernidade. De contado nos decatamos da difícil sinxeleza que escolleu Joan Vinyoli: a súa exposición non vai de dentro cara a fóra, senón de fora cara dentro. Un home torna á casa ao lumbrigar o día e queda abatido pola desorde que hai na súa vida; mais o terceiro verso formula un equívoco que semella condicionar toda a lectura: o personaxe entra "a la petita casa *de mi mateix*". Parece, pois, que o poeta nos conduce desde o principio a unha determinada interpretación do poema: os obxectos non son o que son, xa que a casa non é realmente unha casa, senón a representación da intimidade do home. Iso é, sen dúbida, si, pero o poeta lévanos por outra vía máis real, máis fiel á situación, sen facer as trampas que suxire o verso terceiro. Non nos obriga a seguilo: pídenos que lle preguntemos á nosa experiencia. Calquera persoa que teña chegado á casa no estado en que chega o protagonista do poema con certa asiduidade, sabe de que está falando: cando entramos así na casa, entramos tamén, efectivamente, dentro de nós. Se o lector *recoñece* esta situación, comprende a mirada do protagonista e ve, coma el, na presenza física dos obxectos uns outros perfís da familiaridade: o pavor que nos causan as cousas que nos describen.

Á altura da segunda metade do poema prodúcese un movemento moi característico da poesía de Joan Vinyoli: definida a mirada do personaxe, entramos nun "examen de conciencia" que semella prescindir dos obxectos inmediatos, mais só aparentemente, xa que xorde da súa contemplación e conta con todo o sentido que lle deron ao poema. Neste caso, o personaxe vai do presente ao pasado e ao futuro, á hora da verdade ("...en ser que em trobi dins al llit de les darrerres núpcies"), e nós entendemos que o seu desconcerto perante o balanço final ("com l'atrapat en una gran mentida"), vímolos adiantado moitas veces no remorso de tornar á casa cando o día que nace é, para el, a fin da noite. A luz que deixa a alba sobre os obxectos, antes de ir durmir, anuncia a derradeira mirada á propia existencia, as cores da vida na hora da morte. A poesía, entón, como a vida, chegou ás realidades máis fondas a través das realidades humildes, e o poeta, con humildade, segue este camiño: é a súa maneira de non afogar a significación das cousas con grandes palabras insignificantes.

Para Joan Vinyoli a poesía é un método de coñecemento, pero que traballa máis sobre a extenuación da experiencia que sobre a expectativa de novas experiencias. Un dos atractivos da poesía de Vinyoli é o eco case máxico que pode insuflar ás palabras máis correntes, e unha das súas dificultades é a estrutura dos

poemas, montados cunha lóxica peculiar que a miúdo lles transmite unha atmosfera enigmática. Ningunha destas dúas características é debida a unha predilección polo misterio, senón que son mostras da maneira de ser do protagonista poético de Joan Vinyoli. Debemos ter presente que Joan Vinyoli escribe a máis, e a mellor, parte da súa obra despois dos cincuenta anos. O libro que lle segue a *Realitats, Tot és ara i res*, publicao no ano de 1970, e ata o 1984, publicará nove libros máis. O protagonista de Joan Vinyoli máis importante é, pois, un home que se fai vello ou que xa o é, tal como el mesmo o vai describir nos seu "Autoretrat a seixanta-cinc anys":

Mira'm la cara encesa

de sàtir vell. Quina vinosa

color de vida molt viscuda,

ja no recuperable. Vasos buits.

Cullo, però, raïm amb una falsa

voracitat i m'embriago

de vi dels anys. I tentinejo, palpo

parets de fosca, no tocant ja mai

el cos de préssec de cap dona,

car ja no estic enamorat.

Malaguanyat

temps de la vida, aquest, tan sols per patollar-hi.

É un home que mira as cousas con ollos de despedida definitiva, como se xa non as houbese de volver a ver. Baudelaire dicía que o artista debe redescubrir as cousas con mirada inxenua ou convalescente; vaise esquecer da avidez do condenado, da significación que lle insufla ao mundo a pena de o perder. A nostalxia da sensualidade pode facer falar moi sensualmente, e mirar as cousas por derradeira vez é unha forma de descubrilas aínda. Este punto de vista, feito de angustia e de paixón, de amor á vida e odio a un mesmo, cae riba dos obxectos como unha caricia e transfórmaos, plenos do gusto de os tocar e da pena de non os poder reter. Por canto á estrutura dos poemas, segue tamén a miúdo os movementos de atracción e repulsa que se produce na conciencia dun personaxe que retén das cousas unha vitalidade que xa non é quen de lles tornar. Os "salts" que ás veces nos desconcertan un pouco reflicten o desconcerto do propio personaxe contemplando o seu diálogo co mundo: forman parte da súa caracterización e saen da man segura do poeta que os fai actuar sobre os escenarios do poema.

Joan Vinyoli non xoga cos enigmas. O que o obsesiona son certezas incuestionables: o paso devastador do tempo, e a morte, a fronteira dunha vida sempre insuficiente. Cando digo *certezas* quero dicir que Vinyoli fai pouca literatura con estes temas de sempre. Entre outras razóns, porque o seu personaxe poético vai deixando cada vez máis claro que non ten ren máis que a poesía, e chega un momento no que se decata que é a súa única posibilidade:

... *Tot és lluny i prop,*

i no s'acaba mai aquest viatge

per les paraules:

ja no tinc res més.

A poesia é un camiño de coñecemento que fina nela mesma: o que este home acaba coñecendo é a posibilidade de vida que contén a poesía. Vista así, podemos entender a mellor parte da obra de Joan Vinyoli como unha explicación da insuficiencia da vida, pero, sobre todo, como unha redención desta insuficiencia. Escribir non é unha substitución nin unha suplantación; Joan Vinyoli non cae en ningún pacto indigno, non disimula co oficio o fracaso do oficio de vivir. Pola contra, a autenticidade do seu traballo vai entregando a vida á poesía, e pode converter a poesía -aínda que sexa un espello da ruína física e sentimental- nun triunfo. Porque unha cousa é o tema dun poema, e unha outra, moi diferente, un poema realizado con éxito, cun talante tan só literario: neste espello da destrucción, o poeta pode ver aí un reducto indestructible da súa vida.

Pere Rovira. Els Eucaliptus, març de 1994.

No acto de lectura sempre me pareceu fundamental a afinidade co texto. Teño que confesar que esta afinidade se produciu desde o primeiro momento en que tomei contacto coa poesía de Joan Vinyoli. Horas de lectura e reflexión non fixeron senón agrandar a miña impresión inicial: Vinyoli, autor dun texto único pero múltiple. Unha idea central recorre o edificio poético vinyoliano: a vida como unha constante perda; mais non por iso se trata dunha poesía desalentada e pesimista. A proposta de Vinyoli é ben clara: vivir a plenitude do momento. Non somos inmortais; "Sóc home sol": creo que resume a súa filosofía poética.

É frecuente escoitar que traducir é tarefa pouco menos que imposible; penso que isto depende do lado que se mire. Considero que o traductor se debe apropiiar do texto orixinal e facelo seu. Así mo formulei e creo que máis que falar de traducións debería falar de apropiacións.

L.R.

Son home só

Antoloxía da poesía de Joan Vinyoli.

Selección e tradución de Luciano Rodríguez

De De vida i somni, 1948.

A UN POETA JOVE QUE SUPOSÀVEM MORT A LA GUERRA, FORA DE LA SEVA PÀTRIA.

Was hier wir sind kann dort ein Gott ergänzen
mit Harmonien und ewigem Lohn und Friede.

HÖLDERLIN

Manquem xiprers vora la tomba
del meu amic, llores en el seu front,
terra de casa ambolcallant-lo,
i per al foc empresonat en ell,
què sinó encara l'amplitud
de moltes nits profundes de la terra?

En va que ho digui, en va queixes d'amor
el tornarien vora l'atzavara,
vora el bressol del mar, quan de la serra
cau tristement el vespre en els sembrats.
Aquesta fou la seva pàtria, aquesta
la llum serena dels seus ulls.

Difícil és, inesclarible el canvi
del cant no dit en muda eternitat:
perfaci un déu aquest inacabat
amb harmonies, pau eterna i premi.

De *De vida e soño*, 1948.

A UN POETA MOZO QUE SUPOÑIAMOS MORTO, FÓRA DA SÚA PATRIA

Was hier wir sind kann dort ein Gott ergänzen
mit Harmonien und ewigem Lohn und Friede.
HÖLDERLIN

Faltan ciprestes perto da tumba
do meu amigo, loureiros na súa fronte,
terra da casa cubríndoo,
e para o fogo nel condensado,
¿que senón a amplitude aínda
de moitas noites profundas da terra?

Van é que o diga, vas as queixas de amor
que o tornarían cabo da piteira,
cabo do berce do mar, cando da serra
tristemente cae o solpor nos sementados.
¡Esta foi a súa patria, e esta
a luz serena dos seus ollos!

Difícil é, inesclarible o cambio
do canto non dito en muda eternidade:
¡conclúa un deus este inacabado
con harmonías, paz eterna e premio!

SOVINT

Sovint, sovint, l'home s'oblida
del més secret i del més gran.
Com un infant juga a la vida
i s'embriaga del seu cant.
Els dies vénen i se'n van.

Però de sobte, no previst,
allò més greu que dintre seu madura,
en el seu cor estranyament fulgura
com un diamant trist.

A MIÚDO

A miúdo, a miúdo, o home esquence
o máis segredo e o máis grande.
Como un cativo xoga á vida
e embriágase do seu canto.
Os días veñen e vanse.

Mais de súpeto, imprevisto,
no máis íntimo que dentro si madura,
no seu corazón estrañamente fulgura,
como diamante triste.

De Les hores retrobades, 1951.

TARDOR

Sóc ara en avingudes de novembre
on tot es fa quiet i sembla caure
com desistint. La melangia llaura
camps de records però ja res no sembra.

Ara tot és campana que s'atarda
tocant a morts i posa gravetat
boscos endins on la madura tarda
ja minva, plena d'or i soledat.

Ulls tristos, melancòlics de la posta,
no us apagueu: la llangorosa flama
un altre món al nostre món acosta,
del somni fa més íntima la trama.
Vida, on ets? La nit tot ho reclama
i un plor de vent és l'única resposta.

De As horas recuperadas, 1.951.

OUTONO

Agora estou en avenidas de novembro
onde todo se aquieta e semella caer
como desistindo. A melancolía asuca
campos de recordos mais xa nada sementa.

Agora todo é campá que se alonga
tocando a morto e pousa gravidade
bosques adentro onde a madura tarde
xa mingua, plena de ouro e soidade.

Tristes e melancólicos ollos do solpor,
non vos apagueades: a lenturenta chama
un outro mundo ao noso mundo achega,
fai do soño máis íntima a trama.
¿Onde es, vida? A noite todo o reclama
e un pranto de vento é a única resposta.

ONA CLOSA

Quan la bellesa en un cor simple posa
un sol instant només la seva flama,
s'omple d'ocells la vagarosa fronda
del sentiment i la cançó penetra
fins al més íntim laberint de l'arbre.

Però l'anhel adolorit que hi resta,
en extingir-se l'amorosa flama,
és ona closa que mai més no cessa
de bategar sense morir en cap platja.

ONDA PECHA

Cando a beleza nun simple corazón pousa
un só instante non máis a súa chama,
énchese de paxaros a vagarosa fronda
do sentimento e a canción penetra
ata o máis íntimo labirinto da árbore.

Pero o anheloso doloroso que queda
ao extinguirse a amorosa chama
é onda pecha que nunca máis cesa

de bategar sen morrer en ningunha praia.

EL CAMPANAR

Sovint, sovint, com per la dreta escala
d'un campanar, fosca i en runes,
pujo cercant la inaccessible llum;
ple de fatiga dono voltes,
palpant els murs en la tenegra espessa,
graó rera graó.

Però de temps en temps,
sento la veu de les campanes,
clara i alegre, ressonar,
tocant a festa allà en l'altura,
i veig per la finestra en el silenci
de l'alba els camps estesos, esperant.

Aurores de la infància, com us trobo
llavors, ah, com encara dintre meu,
una llavor de joia perdurable
pugna per fer-se planta exuberant!
Com crides, infantesa, en les profundes
capes del cor, com, de genolls, et trobo,
Déu meu, llavors, tornat pura lloança!

O CAMPANARIO

A miúdo, a miúdo, como pola empinada esqueira
dun campanario, escura e en ruínas,
subo na procura da inaccesible luz,
ben fatigado dou voltas,
apalpando os muros na escuridade densa,
escalón por escalón.

Mais de cando en vez,
sinto a voz das campás,
clara e alegre, resoar,
tocando a festa alá na altura,
e vexo pola fiestra no silencio
da alba os campos espaciosos, agardando.

¡Como vos vexo, auroras da infancia,
entón, ah, como aínda dentro de min,
un gran de alegría perdurable
puxa por facerse planta exuberante!
¡Como chamas, infancia, nas profundas
capas do corazón, como de xeonllos te vexo,
meu Deus, aquel momento, deveu pura loanza!

De *El Callat*, 1956.

ALGÚ M'HA CRIDAT

Jo no sóc més que un arbre que s'allunyà del bosc,
cridat per una veu de mar fonda.
Sol, prop la mar, he consagrat les meves fulles als vents
de més enllà de la riba.
Ja les meves arrels no saben enfondir en la terra i servir-me,
i pel fullatge bec solitud.
És per això que vago sempre
sota el silenci de les constel·lacions
d'aquestes altes nits de fabulosa riquesa.

Però de cop s'il·luminen les nits
amb paraules com flames,
torna la veu, la veu, nocturna sempre, del mar,
cirdant-me sols, cridant-me.

He posseït els camps, la brasa de la tarda,
mes ara sóc orella i pas insomnes.

De *O calado*, 1.956

ALGUÉN ME CHAMOU

Eu non son máis que unha árbore que se alonxou do bosque,
chamado por unha voz de mar fonda.

Só, na beiramar, consagrei as miñas follas aos ventos
de máis alá da ribeira.

Xa as miñas raíces non saben afondar na terra e sostorme,
e bebo pola follaxe soidade.

Por iso é que vago sempre
so o silencio das constelacións
destas altas noites de fabulosa riqueza.

Pero, de súpeto, ilumínanse as noites
con palabras como chamás,
e torna a voz, a voz, nocturna sempre, do mar,
chamándome só, chamándome.

Posuín os campos, a brasa da tarde,
mais agora son ouvido e paso insomnes.

EL CALLAT

M'endinso pel teu àmbit, primavera
del càntic, una veu entre les veus
ofertes al Callat, que per les coses
m'envia el seu alè. Quina avinguda
secreteta tot de sobte m'ha portat
a delitós paratge? Selva muda,
com els infants camino, lliure, lliure,
sentint la quasi veu que del Callat
arriba a mi, bevent el seu somriure.

O CALADO

Intèrnome polo teu àmbito, primavera
do càntico, unha voz entre as voces
ofrecidas ao Calado, que a través das cousas
me envía o seu hálito. ¿Que avenida
secreteta tan rapidamente me conduciu
a deleitosa paraxe? Floresta muda,
como os nenos camiño, libre, libre,
sentindo a case voz que do Calado
me chega, bebendo o seu sorriso.

GALL

Gall que cimeges en la torre més alta,
heus-me aquí en la partió de la nit i l'aurora.
En la nit del temps crida sempre el teu cant.

Temps difunt, temps difunt, et veig
com un riu allargant-se en la fosca.
De la terra sóc hoste inexpert,

sempre en exili, dintre meu,
mirant les aigües entre murs
de la ciutat abandonada.

Gall que cimeges en la nit,
gall salvatge endinsat
en la boscúria espessa -qui no es mou
de la riba trista, contemplant
el pas feixuc de l'aigua morta,
mai no et veurà ni sentirà el teu crit.

Però el bon caçador que es lleva
a l'hora greu entre la nit i l'alba,
sent la crida en el bosc,
ple de secretes aigües vives,
i pren el camí que duu
cap a la veu intacta.

Penell tocat per l'aurora,
al cim de tot de la flama,
pausadament gira el gall.

GALO

Galo que despuntas na torre máis alta,
eisme aquí no linde da noite e a aurora.
Na noite do tempo gralla sempre o teu canto.

Tempo morto, tempo morto, véxote
como un río a se alongar na sombra.
Da terra son hóspede inexperto,
sempre en exilio, dentro de min,
mirando as augas entre muros
da cidade abandonada.

Galo que despuntas na noite,
galo silvestre internado
na boscaxe espesa -que non se move
da ribeira triste, contemplando
o paso pousón da auga morta,
nunca te verá nin sentirá o teu grito.

Pero o bo cazador que se ergue
na hora grave entre a noite e a alba
sente a chamada no bosque,
inzado de secretas augas vivas,
e colle o camiño que guía
cara á voz intacta.

Catavento ferido pola aurora,
no pericoutiño da chama,
pausadamente xira o galo.

De Llibre d'amic, 1977 (Escrito entre 1955 e 1959).

III

Vares venir fins on jo dormia
i em vas despertar,
i em vas convidar a tenir set,
una gran set per a la qual
et vas fer copa on jo la pogués beure.

De *Libro de amigo*, 1.977 (Escrito entre 1.955 e 1.959).

III

Viñeche ata onde eu durmía
e espertácheme,
e convidácheme a ter sede,
unha grande sede para a que
te fixeche copa onde eu a puiden beber.

VI

Hem suportat el vent groc,
l'incendi blau,
les aigües insalubres,
la sequedat del riu ple de còdols.
Però vingué l'oreig que emmalaltint guaria
i estengué sobre nostre una nit verda.
Ens vàrem amagar llavors en una espluga
de silenci i vàrem dir paraules
de consagración.

VI

Soportamos o vento amarelo,
o incendio azul,
as augas insalubres,
a sequidade do río pragado de laxas.
Pero veu a araxe que enfermado curaba
e estendeu riba de nós unha noite verde.
Desde entón agachámonos nunha furna
de silencio e pronunciamos palabras
de ofrenda.

XV

Hoste meu, dorms a la galeria;
canten ocells però no et desperten:
tu sempre vetlles i veus
la pluja verda, l'alba roja,
la fruita d'or, el falcó reial.

Tu ets el pastor que vaga
solitari, de nit.
M'he desullat de tant mirar-te,
m'has emboirat de solitud.

Ombres, feresa, vent,
són la teva parla.
Volen orelles en sentir-la,
la penya es torna riu.

De genolls he caigut,
flectat segueixo invisibles pasos:
no he d'assolir-te mai.
Ressonno tot com el buc ple d'abelles.

XV

Dormes, meu hóspede, no corredor;
cantan paxaros pero non te espertan:
ti sempre velas e ves
a chuva verde, a alba roxa,
a froita de ouro, o falcón real.

Ti es o pastor que vaga
solitario, na noite.
Desolleime de tanto mirarte,
nubrácheme de soidade.

Sombras, fereza, vento,
a túa linguaxe son.
Ouvidos queren sentila,
a rocha tórnase río.

De xeonllos caín,
axeonllado sigo invisibles pasos:
non te hei acadar xamais.
Resoo como colmea chea de abellas.

De Realitats, 1963.

LA PEDRA SOLITÀRIA

Trapezis del matí: cordes fulgents,
anelles invisibles. Respirava
la llum, filtrant-se per clivelles
de finestró. M'he despertat, em gronxo,
caic daltabaix del cec abisme groc.

Eixides: amagatalls de paraules
entre fullatges habitats pel cant
de l'ocell blau, remorejar de fonts
entre falgueres, safareigs blavosos
d'estiu, la tarda reflectint-s'hi, graves
de clar jardí, per on ressonen passos
d'infant.

Realitat és ara

i això:

m'he aturat caient
de paraula en paraula,
com per grades de sol,
avall, al fons del cec abisme groc,
on lluu cremant la pedra solitària.

De Realidades, 1.963.

A PEDRA SOLITARIA

Trapecios da mañá: cordas fulxentes,
aneis invisibles. Respiraba
a luz, coándose por fírgoas
do batente. Espertei, arroleime,
caio estreptosamente no cego abismo amarelo.

Saídas: guaridas de palabras
entre follaxes habitadas polo canto
da ave celeste, borboriñar de fontes
entre fentos, cisternas azulosas
de estío, a tarde a reflectir, grava
de claro xardín, por onde resoan pasos
de neno.

Realidade é agora

e isto:

demoreime caendo
de palabra en palabra,
como por gradas de sol,

abaixo, ao fondo do cego abismo amarelo,
onde reloce ardendo a pedra solitaria.

PLAÇA VELLA

El meu quiosc, el meu fanal,
són els d'aquesta plaça. Restaurant
econòmic amb porxos i plats a deu pessetes,
el soroll de les motos, la creu de la farmàcia,
i la camisa estesa en el balcó,
com un penjat cap per avall.

Conec un matrimoni
ben avingut, amos del bar, gent grassa,
que es diverteixen prou, sota els llençols,
honestament, de nit. En despertar-se pensen
que prospera el negoci: nevera nova ahir,
de les elèctriques. I bons clients
als matins solellats, a les tardes plujoses.
Entre la dona i ell i el pare s'ho arreglen;
tot queda a la família. Certament,
vol sacrificis tenir un bar i, sobretot, les tapes
calentes, variades, demanen molta cura
i mai no reposar. Però que, almenys, el dia
de festa a la setmana, no ens el treguin;
al barri vell tothom hi està d'acord,
i jo també.

Ja som a la tardor.

No val aquí parlar de fulles seques,
que l'únic arbre és el fanal, però
jo vaig caient a poc a poc a dins
de mi mateix, de l'altre que hi ha sota,
molt lluny, darrera moltes capes
de temps; el veig com per un arbre
s'enfila des del son
cap a la freda taca
morada de l'alba,
on, lleganyós, el dia es frega els ulls.

PRAZA VELLA

O meu quiosco, o meu farol,
son os desta praza. Restaurante
económico con columnatas e pratos a dez pesetas,
o ruxido das motos, a cruz da farmacia,
e a camisa tendida no balcón,
como un colgado cabeza abaixo.

Coñezo un matrimonio

ben avido, donos do bar, xente grosa,
que se divirten ben, sob os lenzois,
honestamente, á noite. Ao despertarse pensan
que o negocio prospera: nevera nova onte,
das eléctricas. E bos clientes
nas mañás soleadas, nas tardes chuviosas.
Entre a dona, el e mais o pai gobiñanse;
todo queda na familia. Certamente,
ter un bar require sacrificios e , sobre todo, as tapas
quentes, variadas, piden moito tino
e andar sen parar. Pero que, polo menos, o día
de festa á semana, non nolo saquen;

no barrio vello todo o mundo está de acordo,
e eu tamén.

Xa estamos no outono.

E aquí non vale falar de follas secas,
que a única árbore é o farol, mais
eu vou caendo pouco a pouco dentro
de min mesmo, do outro que hai debaixo,
moi lonxe, tras de moitas capas
de tempo; véxoo como por unha árbore
se dirixe desde o sono
cara á fría marca
morada da alba,
onde, legañoso, o día refrega os ollos.

L'ACTE DARRER

*Le dernier acte est sanglant, quelque belle
que soit la comédie en tout le reste. On jette
enfin de la terre sur la tête, et en voilà pour
jamais. PASCAL.*

Quan de vegades entro,
a poc a poc, a la petita casa
de mi mateix,
amb pas humit, a fil de matinada,
deixant a fora els arbres expectants,
un tremolor d'herba tocada
per l'esbatec del primer vent del dia,
vagits de llum,

m'adono prou
de quin desordre hi ha, quina remor,
quin moviment d'entrades i sortides
inútils, que el celler està buit
-car hom beu molt-, de restes de vianda
ja freda als plats -car hom menja a deshora,
de pressa i malament-,
que el vell fogó vessa de cendres
anteriors de focs que s'extingiren
fa molt de temps, però que no permeten
al nou de cremar bé.

I mentre sec al balancí, d'esquena al dia,
penso que és hora, tal vegada,
de canviar els costums i que he d'emprendre
reformes radicals.

No sé quines, però,
car les parets estan molt primparades,
el sostre foradat, i les esquerdes
són tantes que el difícil és de veure
què falla més.

No em val llavors de dir-me, recordant
glòries antigues, fetes
d'amor, les flors en un jardí, recapte
de vida i mort ensems,
que jo sóc flama
d'un ardor que no cessa,
que en mi reneix Orfeu i que he dreçat
l'arbre del cant fins a l'orella casta
d'Eurídice dient: tremolo de mirar-te,

com diré mai el teu encís?;

car temo, quan estic
així de sol i fred i desganat,
que per molt que em proclamí
del costat de la vida,
quan sobre el mar llisca la barca
dominical i cau verticalment,
ferint-me, el llamp d'Apol.lo,
i una calitja d'or tremola
davant els ulls,

que en ser que em trobi dins el llit
de les darreres núpcies,
m'espantaré del fred que ha d'arribar-me
quan les cuixes de gel em tocaran,
i que em farà enrera de tot,
covardement, com l'atrapat
en una gran mentida,
i que tot jo tremolaré
i no sabré cap on girar-me
ni què invocar.
No crec en els beuratges
ni tampoc en els altres
consols.

Altra vegada sóc
al lloc mateix on sempre arribo
quan baixo lentament al soterrani
de la petita casa
de mi mateix.

O ACTO DERRADEIRO

Le dernier acte est sanglant, quelque belle
que soit la comédie en tout le reste. On jette
enfin de la terre sur le tête, et en la violà pour
jamais. PASCAL

Cando ás veces entro,
a modiño, na pequena casa
de min mesmo,
con paso húmido, ao lombrigar o día,
deixando fóra as árbores expectantes,
un tremor de herba tocada
polo aletexo do primeiro vento do día,
queixumes de luz,

abondo me decato,
de que desorde hai, que rumor,
que trafego de entradas e saídas
inútiles, que a bodega está vacía
- pois un bebe moito- , de restos de vianda
xa fría nos pratos- pois un come á deshora,
de presa e malamente-,
que o vello fogón reborda de cinzas
anteriores de lumes extinguidos
hai moito tempo, que lle impiden
ao novo arder ben.

E mentres, sentado na randeeira, de costas ao día,
penso que é hora, tal vez,

de cambiar de costumes e que hei emprender
reformas radicais.
Non sei cales, pois,
as paredes están moi febles,
o teito furado e as fendas
son tantas que o difícil é ver
que está peor.

Non vale, entón, dicirme, recordando
glorias antigas, feitos
de amor, flores nun xardín, provisión
de vida e morte xuntas,
que eu son chama
dun ardor que non cesa,
que en min renace Orfeu e que hei de endereitar
a árbore do canto cara ao ouvido casto
de Eurídice dicindo: tremo ao mirarte,
¿como direi xamais o teu encanto?,

pois temo cando estou
así só e frío e desenganado,
que por moito que eu me proclame

do lado da vida,
cando riba do mar boia a barca
dominical e cae verticalmente,
feríndome, o raio de Apolo,
e unha canícula de ouro tremola
perante os ollos,

que ao que me ache no leito
das derradeiras nupcias,
espantareime do frío que ha de collerme
cando as coxas do xelo me toquen,
e botareime atrás,
cobardemente, como atrapado
nunha grande mentira,
e todo eu tremerei
e non saberei cara a onde volverme
nin que invocar.
Non creo en bebedizos
nin tampouco noutros
consolos.
Outra vez estou
no mesmo sitio ao que sempre chego
cando baixo lentamente ao soto
da pequena casa
de min mesmo.

De *Tot és ara i res*, 1970.

A LES FOSQUES

Visc a les fosques,
avar d'imatges col.leccionades
com munts de cartes i fotografies
guardades en un moble que grinyola
de nit, que la humitat reinfla
i rosequen els corcs.

Calaix de vida,
podrida pels desigs
no satisfets, pel cansament
d'haver esperat tantes vegades
i que no hagi mai trobat.
Tot s'ha tornat avorriment, desdeny i fàstic,
per covardia, seny o bé impotència.

De *Todo é agora, nada*, 1.970.

ÁS OBSCURAS

Vivo ás obscuras,
avaro de imaxes colleccionadas
cal moreas de cartas e fotografías
gardadas nun moble que renxe
na noite, e ao que incha a humidade
e roe o caruncho.

Caixón de vida,
podrida polos desexos
non satisfeitos, polo cansancio
de ter esperado tantas veces
e que endexamais dei atopado.
Todo se tornou aburrimento, desdén e fastío,
por cobardía, siso ou impotencia.

ALGÚ QUE VE DE LLUNY

We are such stuff

As dreams are made on, and our little life
Is rounded with a sleep.
The Tempest, Acte IV, escena 1.

Aquí, ara, només arriba algú
que ve de lluny, cansat,
bevent passat, inútilment volent
trobar sentit al que mai no en té,
llevat de, per exemple, les mogudes
fulles dels arbres:
El ventalle de cedros aire daba.

Li varen ensenyar què són records
o de mirar el capvespre tot girant el cap,
com un que diu adéu.
I va conèixer Rilke,
i Riba li va dir que s'estimés
aquell que l'ajudés a fer-se gran.
I Hölderlin tancat en una torre
li va parlar de l'*Ungebundene*.
De Li Tai-po sabia
que dictava els seus versos, embriac,
i que es llançà de nit al mar
per aconseguir la lluna. De dictar ja en sé.
Però de lluna no n'hi ha, ni primavera, ni tardor,
nin llunys, ni props.
Qui no comprec, però que no em menysté,
sempre em fa companyia.
Dóna'm les herbes d'embogir. Beu te.
Prepara un *besbistrajó*.

No crec en mi però no em deixis.
Und wenn mein Kuss nicht süsser ist,
dann trink du Malvasier.
Caldrà que un dia anem a Sitges
i prop les barques, ajaguts, veurem l'església blanca;
no tot és mort. Fes-me el favor de creure,
no pas en mi, de creure
que les coses per mi són per ser dites,
que jo encara m'assajo
de dir-les amb paraules difícils de trobar,
que quan les trobo ja no hi ha les coses
i em quedo sol.

Flebes, el mariner, va córrer moltes mars;
guanyà, perdé, sofrí la mort per aigua.
Lleguim-nos l'un a l'altre *La Tempesta*:
sabrem alguna cosa
de la vida, del somni i de la mort.

ALGUÉN QUE VÉN DE LONXE

We are such stuff
As dreams are made on, and our little life
Is rounded with a sleep.
The Tempest, Acto IV, escena 1.

Aquí, agora, xustamente chega alguén
que vén de lonxe, canso,
bebendo pasado, querendo inutilmente
achar sentido ao que nunca o ten,
agás, por exemplo, as movidas
follas das árbores:
El ventalle de cedros aire daba.

Ensináronlle o que son recordos
ou a mirar o solpor volvendo a cabeza
como quen di adeus.
E coñeceu a Rilke
e Riba díxolle que estimase
a aquel que o axudase a engrandecerse.
E Hölderlin pechado nunha torre
faloulle do *Ungebundene*.
De Li Tai-po sabía
que ditaba os seus versos , bébedo,
e que se lanzou na noite ao mar
para coller a lúa. Ditar, xa sei.
Pero lúa non hai , nin primavera, nin outono,
nin lonxe, nin perto.
Alguén que non comprendo,
pero que non me menosprecia,
sempre me fai compañía.
Dáme as herbas que me tolean. Bebe té.
Prepara un *bebistrajó*.
Non creo en min pero non me deixes.
Und wenn mein Kuss nicht süsser ist,
dann trink du Malvasier.
Cómpre que un día vaiamos a Sitges
e tendidos cabo das barcas miremos a igrexa branca;
non todo é morto. Faimo o favor de crer,
non en min, de crer
que para min as cousas son para ser ditas,
que eu aínda ensaio

dicilas con palabras difíciles de atopar,
que cando as atopo as cousas xa non son
e quédome só.

Flebas, o mariñeiro, recorreu moitos mares;
gañou, perdeu, sufriu a morte por auga.
Leámonos o un ao outro *A Tempestade*:
saberemos algunha cousa
da vida, do soño e da morte.

TOT ÉS ARA I RES

El que jo sóc és un concupiscent,
però no perdo, mal que ho sembli,
del tot la mesura:
els crepitars d'agost
vora la mar, la llum meridiana,
les pluges de setembre, els coures octubres,
les glevs roges dessagnant-se com entranyes,
els arbres enteranyinats on les aranyes aguaiten
l'insecte amb ulls vermells fins que l'atrapen i el devoren,
les branques negres fent crec-crec amb pes de neu als hiverns,
m'estrenyen fort, em fan caure, contemplativament. És un dir...

Pregunto si no és
un gran consol dir la paraula "pluges"
i fer que ploqui tot un llarg
matí d'abril,
on a recer d'una ala
de plom prenyada de tempesta
puja en espira el cant d'un rossinyol
afemellat, des del fullam espès
que esquinça i omple de memòries
els racons emborlats de dàlies.
Quin jardí?
Quina era sola? Quins pallers? Quin rec?

L'arbre ja sec s'embeu d'aquestes aigües
filtrades dels orígens,
el fullatge
caduc revé ple de molts ulls d'abril
i la verdor puja compacta
de l'ancestral subsòl de pedra tosca.
Crits
que jo m'invento, que ningú no sent; els morts
flueixen hiperbíllics.
Tot és ara i res.

TODO É AGORA, NADA

O que eu son é un concupiscente,
pero non perdo, aínda que o pareza,
de todo a compostura:
os cintileos de agosto
na beiramar, a luz meridiana,
as choivas de setembro, os cobres outonizos,
as terras vermellas desangrándose como entrañas,
as árbores enmarañadas onde as arañas espreitan
ao insecto con ollos acesos ata que o atrapan e o devoran,
as gallas negras fan crec-crec co peso da neve no inverno,
apréixanme forte, fanme caer, contemplativamente. É un dicir...

Pregunto se non é
un grande consolo dicir a palabra " choivas "
e facer que chova toda unha longa
mañá de abril,
na que ao abeiro dunha ala
de chumbo preñada de tempestade
sobe en espiral o canto dun reiseñor
afeminado desde a follaxe espesa
que esgalla e enche de recordos
os recantos de dalias adornados.
¿Que xardín?
¿Que era solitaria? ¿Que paleiros? ¿Que canle?
A árbore, xa seca, empápase destas augas
filtradas das orixes,
a follaxe
caduca revive chea de mil ollos de abril
e o verde abrolla, compacto,
do ancestral subsolo de pedra tosca.
Gritos
que eu me invento, que ninguén sente; os mortos
flúen hiperbólicos.
Todo é agora, nada.

D'Encara les paraules, 1973

TOT SÓN PREGUNTES

Tot són preguntes
que mai no tenen resposta.
Tocat no sé per quina absurda mà
se sent un violí:
l'arquet fa mal, d'això no n'hi ha dubte.

Passem el dia en una vella
taverna on la gent beu, on jo mateix bec
per allunyar molts àrids pensamentos
que no tenen, però, cap mena d'importància.

Es poden fer moltísimas cosas,
que non són res, partint d'aquest principio:
tot és ara i res.

De Aínda as palabras, 1.973.

TODO SON PREGUNTAS

Todo son preguntas
que nunca teñen resposta.
Tocado non sei por que absurda man
séntese un violín:
o arco soa mal, diso non hai dúbida.

Pasamos o día nunha vella
taberna onde a xente bebe, onde eu mesmo bebo
para afastar moi áridos pensamentos
mais que non teñen a mínima importancia.

Pódense facer moitísimas cousas,
que non son nada, partindo deste principio:
todo é agora, nada.

NO RES, UN FUM

La poesia allunya de les aparences
i fa propera la realitat.
Memòria: perdre's com en un dellà
que és sols l'aquí, darrera
cortines transparents.
I què veus?
No res, un fum.
En veritat us dic
que no es fa res en veritat sinó
per la paraula creadora de silenci.

NADA, FUME

A poesía afasta das aparencias
e aproxima á realidade.
Memoria: perderse como nun alá
que só é o aquí, tras
cortinas transparentes.
¿E que ves?
Nada, fume.
En verdade vos digo
que non se fai nada, de verdade, senón
pola palabra creadora do silencio.

ABANS QUE NEIXI L'ALBA

...mentre che'l danno e la vergogna dura...
MICHELANGIOLO, *Rime*, 247

És bo tenir llàgrimes a punt, tancades
per si tot d'una mor
algú que estimes o llegeixes
un vers o penses en el joc
perdut
o bé, de nit, abans
que neixi l'alba, algú lladruc
esquinça el dur silenci.
I vénen els records
de tantes culpes que no has
mai expiat
i veus el derrotat
exèrcit dels homes
arrossegant els peus feixugament
per les planúries fangoses
sota la pluja, mentre xiulen
els trens.

Que tot és dur, cruel, sense pietat
i sempre el mal i la vergonya duren.

ANTES QUE NAZA A ALBA

...mentre che'l danno e la vergogna dura...
MICHELANGIOLO, *Rime*, 247

É bo ter lágrimas a punto, contidas,
por se de súpeto morre

alguén que queres ou les
un verso ou pensas no xogo
perdido
ou ben, de noite, antes
que naza a alba, algún ladrado
esgaza o duro silencio.
E veñen os recordos
de tantas culpas que nunca
expiaches
e ves o derrotado
exército dos homes
a arrastrar os pés pesadamente
polas chairas lamacentas
sob a choiva, mentres silban
os trens.

Que todo é duro, cruel e sen piedade
e sempre o mal e a vergoña duran.

De Ara que és tard, 1975.

BRANQUES

Tornem a ser
branques del mateix bosc
d'alzines i de roures.
No s'hi fan
flors noves.
L'heura
silenciosa apaga tota fressa
de passos.
No hi penetra a penas
el sol.
Tens molt de fred
a l'hivern i ja no te'l saps treure.
Les fulles se'ns confonen
espessament.
Esperem la destrat
del boscat, sense por.

De Agora que é tarde, 1.975.

PONLAS

Volvemos a ser
ponlas do mesmo bosque
de aciñeiras e carballos.
Non abrochan
flores novas.
A hedra
silenciosa apaga todo rumor
de pasos.
Penetra a penas
o sol.
Tes moito frío
no inverno e xa non sabes botalo de ti.
As follas confúndense
espesamente.
Agardamos o machado
do leñador, sen afición.

REPETIMENT

Els records ho són tot i l'incessant
repetiment:
tornar en un lloc
moltes vegades a escoltar
l'eco dels anys, a retrobar
potser una pedra que de temps havíem
pensat que hi era, i ja no hi ha cap veu
ni cap pedra.
Fer-ho, tanmateix,
és una forma de vida.
Criden les sirenes
al port. No, ara les recordo.
No, les invento.
No crida res.
I si no fos pels que ara deuen
sufrir
tot està bé.
Som ja a la matinada
d'un altre dia.
Encenc
el llum perquè la nit s'acaba
però comença l'altra nit.

REPETICION

Todo o son os recordos e a incesante
repetición:
volvemos a escoitar
moitas veces nun sitio
o eco dos anos, reatopar
quizais unha pedra que ás veces
pensamos que estaba alí, e xa non hai nin voz
nin pedra.
Facelo
é talmente unha forma de vida.
Soan sereas
no porto. Non, agora recórdoas.
Non, invéntoas.
Non se oe nada.
E se non fose polos que agora deben
sufrir
todo está ben.
Estamos xa non mencer
dun outro día.
Acendo
a lámpada porque a noite morre
mais comeza a outra noite.

L'ESFERA

L'entreveies
clara, perfecta, en una permanent
rotació de foc i de la qual sols n'èrem
mínims fragments
enmig de totes
les coses.
Per això, per tu,
vaig trobar la paraula
que salva, més d'un cop,

i vaig obrir clivells
en un cec àmbit i l'opacitat
i la duresa cediren.
Pero ja
mirar la nit reintellant d'estels,
el negre mar fosforescent d'escumes,
el bosc insomne somogut pel vent,
no m'eren res.
Fa molt de temps
d'aquestes coses
i la vida
segueix fluïnt.
Només
un somni val:
Amor i Mort.

A ESFERA

Entrevíala
clara, perfecta, nunha permanente
rotación de fogo e da que tan só eramos
mínimos fragmentos
no medio de todas
as cousas.
Por iso, para ti,
atopei a palabra
que salva, máis dunha vez,
e abrín fendeduras
nun ámbito cego e a opacidade
e a dureza cederon.
Pero xa
mirar a noite rutilante de estrelas,
o negro mar fosforescente de escumas,
o bosque insomne movido polo vento,
non me eran nada.
Destas cousas
hai moito tempo
e a vida
segue a fluír.
Soamente
un soño vale:
Amor e Morte.

ALL TIME IS UNREDEEMABLE

La nit passada anava per les vinyes
seques, palpant els ceps un per un
com si fer-ho tingués significat:
rera els canyissos
una dona vetllant cremacions,
em va cridar i em conduí
fins a l'estable.
No recordo
la casa, no vull fer memòria
del menjador ni de l'escala ni
de cada replà.
Només recordo el vent
abrupte, cargolant-se
per l'apagada xemeneia, rebatent
les portes.

I la passió
que m'empenyia cap algú
que ja no era dins el camp
sinó dels records.
Els arbres gemegaven
i tot era un crit fosc
que venia de lluny
i res no era comprensible
ni res no era ja per abastar el que tant
les mans volien: no sentir-se buides
del tot.

Els grans focs apagats ja no es revifen.
El vent glaçat impera i mata.

ALL TIME IS UNREDEEMABLE

A noite pasada andaba eu polas viñas
secas, apalpando as parras unha por unha
como se facelo tivese algún sentido:
tras da enramada
unha muller velando cremacións
gritoume e conduciume
ata o estábulo.
Non recordo
a casa, non quero facer memoria
do comedor nin da esqueira nin
de cada degrao.
Tan só recordo o vento
abrupto, ensortellándose
pola apagada cheminea, batendo
as portas.
E a paixón
que me empurraba cara a alguén
que non estaba no campo
senón no dos records.
As árbores xemían
e todo era un grito fosco
que viña de lonxe
e nada era comprensible
nin xa nada era suficiente para acadar o que as mans
tanto arelaban: non se sentir baleiras
de todo.

Os grandes fogos apagados xa non se reavivan.
O vento xeado impera e mata.

D'Vent d'aram, 1976.

AMB RONCA VEU

Com que no menjo per la fam que tinc,
com que no calmo la gran set que tinc,
com que no sé de canviar el meu crit
en mena de vianda,
pateixo de gana i de set i clamo retorçant-me.

Tremolo, fosc, de les arrels a les fulles
i m'ompló d'enyorança turmentada
i em perdo molt endintre del gran bosc
ple de barrancs
i sóc el gall salvatge:

m'exalto de nit quan les estrelles vacil·len,
amb ronca veu anuncio l'aurora,
tapant-me els ulls, tapant-me el crit amb les ales,
i m'estarrufo collinflat i danso,
tot i saber que em guaiten els ulls del caçador.

De *Vento de cobre*, 1.976.

CON ROUCA VOZ

Xa que non como para a fame que teño,
xa que non calmo a grande sede que teño,
xa que non sei cambiar o meu grito
en especie de vianda,
sufro fame e sede e clamo retorcéndome.

Tremo, negro, desde as raíces ata as follas
e énochome de saudade atormnetada
e pérdome moi adentro do grande bosque
cheo de barrancos
e son o galo silvestre:
exáltome de noite cando as estrelas cintilan,
con rouca voz anuncio a aurora,
tapándome os ollos, amortiguando o meu grito coas alas,
e, vaidoso, inflo a gorxa e danzo,
con todo e saber que me espreitan os ollos do cazador.

TEMPS PERDUT

És hora, ja, de dir
la primera paraula:
Tinc por.
Camino per un bosc
cremat, sense arbres, veig sorgir les rels.
Tinc por.
Què diu aquest ocell
cantant en una branca despullada?
Temps perdut.
No preguntis,
que no et sabria dir
l'origen de les coses.
Temps perdut.

TEMPO PERDIDO

É hora, xa, de dicir
a primeira palabra:
Teño medo.
Camino por un bosque
queimado, sen árbores, vexo aflorar as raíces.
Teño medo.
¿Que di este paxaro
cantando nunha ponla pelada?
Tempo perdido.
Non preguntes,
que non che sabería dicir
a orixe das cousas.
Tempo perdido.

EN LA NIT

Cada vegada et veig,

cos meu, dormint,
pesant, llunyà, no sabent res
del que passa de dia.
Mal procuro
consolar-me del fet de ser covard
creient que tot passa en un món
que és diferent del meu.

Hi ha qui s'adorm
sense pensar en altre negoci
que no sigui el seu pler.
Tot i la meva covardia,
voldria pedres de paraula
contra aquest mur.

NA NOITE

Sempre te vexo,
corpo meu, durmindo,
pesado, distante, non sabendo nada
do que pasa de día.
Mal procuro
consolarme polo feito de ser cobarde
crendo que todo ocorre nun mundo
que é diferente do meu.

E hai quen dorme
sen pensar noutro asunto
que non sexa o seu pracer.
Con todo e a miña cobardía,
querería pedras de palabra
contra este muro.

NO TINC ARA TEMPS

No tinc ara temps
de cavalcar els encesos
cavalls.
Sento que tanquen
el bar.
Anem a la segura
mort transitòria
del son.
I fem per començar
noves formes de vida.

AGORA NON TEÑO TEMPO

Agora non teño tempo
de cabalgar os fogosos
cabalos.
Sinto que pechan
o bar.
Imos á segura
morte transitoria
do sono.
Ensaïemos, para comezar,
novas formas de vida.

D'El griu, 1978.

VANCANCES A PLATJA

De bon matí ja sóc al para-sol
davant la mar, bec en silenci llum
i quietud a glops petits.

Demano que em serveixin
el te amb llimona i les torrades
amb oli i sal.

Primer he nedat
a la braça mig cable per la zona
que limiten les boies.

En què penso,
que tremolo de por?
Sóc un estiuejant
que pren el te i escriu postals i mira
la platja bigarrada, lluny de tot.

La veritat és que m'ofego:
roger expirant damunt la sorra,
sentint-me l'agonia.

Si pogués
tornar de cop al net recipient
de l'aquàrium, protegit per vidres
gruixuts de la gran mà urpejant
que espera d'atrapar-me, ben fregir-me amb oli
dolent potser i dur-me a la boca
del monstre: tot això,
com si ho veiés: ja quasi no respiro
de por.
No tinc escapatòria.

De O grifón, 1.978.

VACACIÓNS NA PRAIA

Ben de mañá xa estou no para-sol
frente ao mar, bebo en silencio luz
e quietude en tragos pequenos.

Pido que me sirvan
o té con limón e as torradas
con aceite e sal.

Primeiro nadei
á braza medio cable(*) pola zona
que delimitan as boias.

¿En que penso
que tremo de medo?
Son un veraneante
que toma o sol e escribe postais e mira
a praia abigarrada, distante de todo.

A verdade é que afogo:
rubio expirando riba da area,
sentindo a miña agonía.

Se puidese
voltar de súpeto ao claro recipiente
do acuario, protexido por vidros
grosos da grande man que rabuñando
espera atraparme, quizais para fritirme con aceite
do malo e levarme á boca
do monstro: todo isto,
como se o vise: xa case non respiro
co medo.

Non teño escapatoria.

(*) .Medida de lonxitude equivalente á décima parte dunha milla,ou sexa: 185,2 m.

SÓC HOME SOL

He menjat amb delit els dàtils de Palmira,
les panses de Corint, el be rostit de Pasqua,
galls fets entre rajoles pels hindús,
l'oca de Tebes.
He begut moltes grapes,
schnaps i filtres, herbes de poc seny,
m'he embriagat amb vins de Falerm o de Quios.
Però tot res, sols queda la fiblada
de la pua clavada
molt endins de la carn.
Sóc home sol.

No sé d'on vinc, per què m'afanyo,
no crec en opis ni licors.
No sé què sóc ni per què m'ho pregunto.
Segrego a vegades poesia,
o bé, de tant en tant, m'agrada,
posant els ulls en blanc, polsar les tecles
del meu rònc piano,
traient-me els tèrbols suc de moltes nafres
amb la xeringa neta de l'oblit.
Però tot res, sols queda la fiblada
de la pua clavada
molt endins de la carn.
Sóc home sol.

SON HOME SÓ

Comín con deleite dátils de Palmira,
pasas de Corinto, o cordeiro de Pascua,
galos preparados entre pedras polos hindús,
e oca de Tebas.
Bebín moitas *grappas*,
schnaps e filtros de pouco xuízo,
embebedeime con viños de Palermo ou de Quios.
Pero, ao fin, só queda a pinchada
da púa cravada
moi dentro da carne.
Son home só.

Non sei de onde veño e por que me afano,
non creo en opios nin licores.
Non sei que son nin por que mo pregunto.

Segrego, ás veces, poesía,
ou ben, de tanto en tanto, práceme,
cos ollos en branco, pulsar as teclas
do meu astroso piano,
tirando turbos humores das miñas moitas feridas
coa xeringa limpa do olvido.
Pero, ao fin, só queda a pinchada
da púa cravada
moi dentro da carne.
Son home só.

De *Cercles*, 1979.

CERCLES

Un altre cop vols agitar les aigües
del llac.

Està bé, però pensa
que no serveix de res tirar una sola pedra,
que has d'estar aquí des de la matinada
fins a la posta, des que neix la nit
fins al llevant
-tindràs la companyia
de les estrelles, podràs veure l'ocellassa
de la nit negra covant l'ou de la llum
del dia nou-,
assajant sempre cercles,
per si al cap de molts anys, tota una vida, et sembla
-i mai potser no n'estaràs segur-
que has assolit el cercle convincent.

De *Circos*, 1.979.

CIRCOS

Unha vez máis quero remover as augas
do lago.
Está ben , pero pensa
que non serve de nada guindar unha soa pedra,
que has de estar aquí desde a mañanciña
ata o solpor, desde que nace a noite
ata o mencer -
terás a compañía
das estrelas, poderás ver a páxara
negra da noite chocando o ovo de luz
do novo día -
ensaiando sempre circos,
por se logo de moitos anos, toda unha vida, che parece
- e pode ser que nunca esteas seguro -
que acadaches o circo convincente.

LA TAVERNA DELS ORATGES

Tot just hem arribat
a la taverna dels Oratges.

Mira

com ragen les bótes.

Fibla aquella

de quaranta anys. Beguem:

tota la llum de les estrelles

aquí, de sobte.

Llac

de silenci.

Qui és que neda?

Qui neda amb mi per aquest llac

de silenci?

Pugem al bot

i naveguem.

No veus que

no sé remar?

Però saps estar

molt bé quiet. Escoltem les fulles
de la ribera i els mosquits.
No et cremin
els ulls així. Temo quem'entrin ganas
d'heure la lluna al fons del llac.
No, que t'ofegaries.

A TABERNA DOS VENTOS

Xustamente acabamos de chegar
á taberna dos ventos.

Mira

como botan as cubas.

Sangra aquela

de corenta anos. Bebamos:

toda a luz das estrelas

aquí, de súpeto.

Lago

de silencio.

¿Quen é o que nada?

¿Quen nada cabo de min por este lago
de silencio?

Subamos ao bote

e naveguemos.

¿Non te decatás que

non sei remar?

Pero sabes estar

quiescentemente. escoitemos as follas

da ribeira e os mosquitos.

Non che queimen

os ollos así. Temo que me entren ganas

de posuír a lúa no fondo do lago.

Non, que afogaría.

L'OCTUBRE

Aviat, aviat ens tornarà l'hivern
i ens quedarem a casa i posarem
mantas al llit.

Direm: No tinguis fred,

pren la bufanda i tapa't bé,

sobretot al matí

o en caure el dia.

A poc a poc ens anirem morint

de tristesa i recança,

vora l'estufa, arraulits.

Els dies blaus, però,

ens duren flors d'antigues primaveres,

sense perfum ni color.

Preveient ara

les hores de l'hivern, *mirem* l'octubre.

OUTUBRO

Axiña, axiña nos volverá o inverno
e quedaremos na casa e botaremos
mantas na cama.

Diremos: Non teñas frío,

colle a bufanda e tápate ben,

sobre todo ao mencer
ou ao caer do día.
Iremos aos poucos morrendo
de tristeza e pesar,
pegados á estufa, enguriñados.
Pero estes días azuis
prologánnos flores de antigas primaveras,
sen perfume nin cor.
Prevendo agora
as horas do inverno, *miremos* outubro.

QUAN A VEGADES PENSO

Quan a vegades penso,
mirant sense mirar,
tocant sense tocar, flairant sense flairar,
oïnt sens que m'arribi
cap so, quiet com una pedra:
És cert que sóc?
És cert que ets?
És cert que són?,
en fer-me la pregunta que se sap
dreta i de roca als límits del silenci,
ja *sóc*, ja *ets*, ja *són*.

CANDO ÁS VECES PENSO

Cando ás veces penso,
mirando sen mirar,
tocando sen tocar, ulindo sen ulir,
ouvindo sen que me chegue
ningún son, quieto como unha pedra:
¿É certo que son?
¿É certo que es?
¿É certo que eles son?,
ao facerme a pregunta que se sabe
de pé e de rocha nos lindeiros do silencio,
xa *son*, xa *es*, xa *son*.

De *A hores petites*, 1981.

LA PARAULA

Aturada ja la vida,
quiescent, vell i nafrat,
he sentit una gran crida
que a benaurança convida
per un camí no fressat.
Delerós, enderiat,
he pres tot d'una embranzida;
fent un salt fora de mida,
sobtadament m'he envolat.

Com és que m'he desvetllat
en una serra tan alta?
Tot el que miro m'exalta
i parlo com un orat.
Eixamplant la immensitat,
una àguila em sobrevola.
No tinc por de la rossola

ni de la nit feredat.
Qui és que aquí m'ha portat?

Adormit davant la taula
de la meva soledat,
m'hi ha portat la paraula.

De Cando as horas breves, 1.981.

A PALABRA

Detida xa a vida,
quiescente, vello e lacerado,
sentín unha forte chamada
que a felicidade convida
por un camiño inmaculado.
Doente, obcecado,
tomei un grande impulso
e dando un salto sen medida,
ao minuto despreguei.

¿Como é que me desvelei
nunha serra tan alta?
Todo o que miro me exalta
e como un tolo falo.
Abrindo a inmensidade,
sobrevóame unha aguia.
Non teño medo da penedía
nin da crueldade da noite.
¿Que é o que aquí me trouxo?

Adormecido perante a mesa
da miña soidade,
tróuxome a palabra.

FEINA DE VELL

En fer-se fosc, foraviler, passeio,
cercant allò que mai no trobaré.
Travo paraules amb dolor i records
de goigs viscuts. Famèlics gats acuden
a devorar-me. Somnis, heu fugit.
Palpo la roca i l'arbre i m'hi recolzo.
És hora ja de tornar a casa. Vell,
duc a la mà la pedra del poema.

LABOR DE VELLO

Ao facerse de noite, polas aforas, paseo,
procurando algo que nunca hei atopar.
Xunto palabras con dor e recordos
de alegrías vividas. Famélicos gatos acoden
a devorarme. Soños, fuxistes.
Apalpo a rocha e a árbore e encóstome.
É hora xa de voltar á casa. Vello,
levo á man a pedra do poema.

EL MEU ÀMBIT

Aquest és el meu àmbit: solitud,
on pàl·lides imatges se m'acosten:
somis, desigs, quietes avingudes
d'enlairament, dreces invisibles
cap al silenci, glòria de la llum...
Perduts per sempre? No, tothora us tinc
en un recolze clar del riu de la memòria
que lentament avança vers la nit.

O MEU ÀMBITO

Este é o meu ámbito: soidade,
onde pàlidas imaxes se me acercan:
soños, anhelos, quietas avenidas
empinadas, atallos invisibles
cara ao silencio, gloria da luz...
¿Perdidas para sempre? Non, sempre vos teño
nun remanso claro do río da memoria
que lentamente avanza cara á noite.

MOLINS

Molins de vent
giren amb pausa a la mercè del vent
dels camps.
Jo faig moure el molí de la vellesa
ventant molt fort
des de la meva juvenesa
Quanta de força inútil.
Per més que faig, no obtinc
ni una almosta de farina.

Passa el gran vent i ja no el sento,
molí parat per sempre més als camps.

MUÍÑOS

Muíños de vento
xiran lentamente á mercé do vento
dos campos.
Eu fago mover o muíño da vellez
ventando moi forte
desde a miña mocidade.
¡Canta forza inútil!
Por máis que fago, non obteño
nin dous puñados de fariña.

Pasa o grande vento e xa non o sinto,
muíño parado para sempre nos campos.

EL POEMA

No puc seguir vogant pel mateix llac.
On aniré? Tot m'és inconegut.
Què furga en mi? Furtivament, el mag
de la paraula, a fosques, ha vingut,

i s'ha instal·lat en un secret racó

del meu cervell, on tot el deslligat,
vague, dispers, en ordre ho ha posat,
operatiu en la confusió.

Ara el poema és un seguit de mots
que, del vell pòsit de dolor i sanglots
i crits de goig i sostingut anhel,

ha esdevingut en la negror del cel
llum polièdric que ens consola a tots,
mudant la mort en delusori tel.

O POEMA

Non podo seguir vogando polo mesmo lago.
¿Onde irei? Todo me é descoñecido.
¿Quen bole en min? Furtivamente, o mago
da palabra, ás obscuras, veu,

e intalouse nun secreto recuncho
do meu cerebro, onde todo o desordenado,
vago, disperso, en orde foi colocado,
operación na confusión.

Agora o poema é un continuo de palabras
que, do vello pouso de dor e saloucos
e gritos de gozo e sostido anhel,

se tornou na negritude do ceo
en luz poliédrica que a todos consola,
mudando a morte en enganosa tea.

De Cants d'Abelone, 1983.

Atura el vol, eixampla't, Orió,
crea més nit; que pugui perdre's
en ella aquesta vida que s'ha fet
tot d'una en mi.
Dret en el vent, no precipitis, dia,
la llum, deixa'm encara estar
no sabent res, mirar les inquietes
palmeres, mirar, cega, el vent, el clar
d'aquesta nit amb foc i pes d'estrelles
girant dins meu.
Ventura certa,
d'un plor d'infant salvat a la ribera
del temps, com entre joncs, Moisès en el cistell.

De Cantos de Abelone, 1.983.

Detén o voo, agrándate, Orión,
crea máis noite; que poida perderse
nela esta vida que naceu
de improviso en min.
No vento, vertical, non precipites, día,
a luz, déixame aínda estar
non sabendo nada, mirar as inquietas

palmeiras, mirar, cega, o vento, a claror
desta noite con lume e peso de estrelas
a xirar no meu inteiror.
Ventura certa,
dun choro de neno salvado na ribeira
do tempo, como entre xuncos, Moisés no cesto.

Falcons del cor, alceu-vos a la caça
de l'ocell invisible
que tot d'una m'habita,
que m'eixampla i em fuig.

Falcóns do corazón, alzádevos na caza
do paxaro invisible
que de improviso me habita,
que me agranda e me foxe.

Tot és per ser donat i no t'ho vol ningú,
cor meu, potser les pedres mudes
o bé la matinada.
Cor, no et precipitis
a voler més, no et tanquis
per molt que faci mal.
Estima
sense voler ser correspost.
Posa't a prova:
calla i escolta l'indiscriminat
so de la vida.
Sol, cada batec,
es corespon potser amb alguna cosa.

Todo é para ser doado e non cho quere ninguén,
meu corazón, acaso as pedras mudas
ou a alba.
Corazón, non te precipites
por querer máis, non te peches
por moito que fagas mal.
Ama
sen querer ser correspondido.
Ponte a proba:
cala e escoita o indiscriminado
son da vida.
Só, cada latexo
tal vez se corresponda con algunha cousa.

De Domini màgic, 1984.

LA VALL DEL VESPRE

Quan per la vall del vespre descendim
per l'autopista cap a la ciutat,
les fàbriques encenen mil llumets,

batega tot i tot està aturat.
Ens engoleix la nit: a quin banquet
som convidats a no tenir mai por?
Tot el passat és com un dèbil crit
fumós que perden-se en l'aire espès.
Tot és fluent i tot és permanent.
Les paraules em porten no sé on:
en elles ara em quedo, i és un món.

De *Dominio máximo*, 1.984.

O VAL DA NOITIÑA

Cando polo val da noitiña descemos
pola autoestrada cara á cidade,
as fábricas acenden mil luciñas,
todo bole e todo está detido.
Engólenos a noite: ¿a que banquete
somos convidados para non ter nunca medo?
Todo o pasado é como un débil grito
de fume que se foi perdendo no aire espeso.
Todo flúe e todo permanece.
As palabras lévanme non sei onde:
nelas afiánzome agora, e é un mundo.

DOMINI MÀGIC

Despunten crits de fulles en els arbres,
esquinça un vol de grius el capaltard
i la muntanya, amb blau recolliment
crepuscular, porta a la falda humil
un devantal de blats encara tendres.
M'allunyo dels embruixos del ponent,
esvento les recances i les cendres
i de l'antiga troca tallo el fil.
Pasturen per la nit roques i cabres,
el riu encès es precipita al mar,
l'espai vermell s'omple de llamps com sabres;
domini màgic, regne sublunar.

DOMINIO MÁXICO

Abrochan gromos de follas nas árbores,
irrompe un voo de grifóns á noitiña
e a montaña, con azul recollemento
crepuscular, amosa na aba humilde
un mantelo de abrótegas aínda terras.
Alónxome dos embruxos do poente,
afasto os remordementos e as cinzas
e da antiga madeixa corto o fío.
Pacen na noite rochas e cabras,
o río aceso precipítase no mar,
o espacio vermello échese de raios como sabres;
dominio máximo, reino sublunar.

NO FACIS CAP PREGUNTA

Adelerats pel somni d'un dellà
remot, ple d'incertesa, amb por, privats
de tota llum llevat de la del vespre,

que dura poc, què fer?
Guardar-la tota als ulls
i prosseguir en la nit fuliginosa,
plens de claror:
cal viure a tot o res,
vinclar-nos dòcilment al que ens agita
i ens posseeix i ens refà a cada instant
fins al darrer.
Veurem llavors carenes
o un estimball?
No facis cap pregunta:
el que *era* és acabat, el *ja-no-ser* comença.

NON FAGAS NINGUNHA PREGUNTA
Aflixidos polo soño dun alá
remoto, cheo de incerteza, de medo, privados
de toda luz agás da da noitiña,
que dura pouco, ¿que facer?
Gardala toda nos ollos
e proseguir na noite feluxenta,
cheos de claridade:
(cómpre) vivir intensamente ou nada,
dobregarnos docilmente ao que nos abala
e nos domina e nos refai a cada instante
ata o final.
¿Veremos daquela cumes
ou un despeñadeiro?
Non fagas ningunha pregunta:
o que *era* acabou, o *xa-non-ser* comeza.

De Passeig d'aniversari, 1984.
VESPRE A LA CAFETERIA
II

No sempre les etapes de la vida
s'acaben com els arbres fugen, nets,
al viatger que mira amb ulls cansats,
posat el cor en la ciutat propera,
un cel de transparència matinal
o un aspre fons de roques, moderat
per una posta gran i fastuosa.

Descarrilat en un corba, el tren
s'estimba daltabaix d'una cinglera.
D'entre munts de ferralla es drecen homes
a viure en l'inconfort del seu hivern darrer:
l'executiu, l'incendiari, el sant,
la ballarina, el pobre, l'insensat,
en la bruta desfeta que fumeja.

Ah, si llavors, com d'un immens braser
de solidaritat, cremés un foc,
què no dirien d'aquest gran dolor
que ens ennuvola sempre el pensament?
Bastim, doncs, una tenda contra el vent,
siguem un simulacre de l'amor
i acabarem per ser tan sols amor.

De *Paseo de aniversario*, 1.984.

NOITIÑA NA CAFETERIA

II

Non sempre as etapas da vida
acaban como as árbores foxen, nítidas,
ao viaxeiro que mira con ollos cansados,
co corazón xa na cidade próxima,
un ceo de transparencia matinal
ou unha fonda gorxa de rochas, suavizada
por un solpor grande e fastuoso.

Descarrilado nunha curva, o tren
despéñase por un precipicio.
De entre montóns de ferralla desfilan homes
a vivir na incomodidade do seu derradeiro inverno:
o executivo, o incendiario, o santo,
a bailarina, o pobre, o insensato,
na suxa desfeita que fumea.

Ah, se entón, como dun inmenso braseiro
de solidaridade, ardese un lume,
¿que non diríamos desta grande dor
que nos asombra sempre o pensamento?
Ergamos, pois, unha tenda contra o vento,
sexamos un simulacro do amor
e acabaremos por ser tan só amor.

SENSE MANS

IV

Ajunto mots per fer-me un trampolí
vers l'àmbit líric i assajar al trapezi
de la metáfora, en el buit, un salt mortal
per assolir una mica de realitat
fora del temps,
ulls aclucats,
com ara, en bicicleta,
en algun lloc del món assaja algú
precaris equilibris sense mans,
endut enllà, fins que de cop s'adona
que va rodant segur pel vell passeig
capa a la font primera.
És al moment precís
de l'equilibri insòlit que obre els ulls
a la blavosa, incerta llunyania
de les muntanyes que no li caldrà
mai tramuntar, car són de sobte en ell,
són ell mateix o l'altre que s'ha fet
de cop en ell, i *veu*:
la Torre de les Hores
esdevé far, l'esfera del rellotge
no marca el temps, ans il.lumina absorta
la nit que va caient damunt els horts.

SEN MANS

IV

Reúno palabras para me facer un trampolín
cara ao ámbito lírico e ensaiar no trapezio
da metáfora, no vacío, un salto mortal
para acadar un anaco de realidade

fóra do tempo,
ollos pechados,
como agora, en bicicleta,
nalgún lugar do mundo ensaia alguén
precarios equilibrios sen mans,
agarrado alá, ata que de pronto se decata
que vai rodando polo vello paseo
camiño da fonte primeira.
É no momento preciso
do equilibrio insólito que abre os ollos
para a azulosa, incerta lonxanía
das montañas que nunca máis lle será preciso
trasmontar, porque están de súpeto nel,
son el mesmo ou o outro que se fixo
de pronto nel, e ve:
a Torre das Horas
tórñase faro, a esfera do reloxo
non marca o tempo, senón que absorba ilumina
a noite que vai caendo sobre os hortos.

ELEGIA DE VALLVIDRERA

I
Per què paraules? Aquest blau intens
del mar és prou. Miro la ratlla fixa
de l'horitzó,
mar grandíós, i quanta
riquesa guardes, per a qui? Jo no sóc bus
que cerca vells tresors: el que m'atreia,
perles que abans havien estat ulls,
no ho troba algú tot sol, ans calen dos,
amb una sola, neta, lliure, confluent
mirada que es projecti més enllà
de tota perla -sols llavors hi arriben
"feliços pocs".
No, jo sóc sol, però l'embat
de les onades em conforta. Tot és lluny i prop,
i no s'acaba mai aquest viatge
per les paraules:
ja no tinc res més.

ELEXÍA DE VALLVIDRERA

I
¿Para que, palabras? Abonda con este
azul intenso do mar. Ollo a raia fixa
do horizonte,
grandioso mar, ¡canta
riqueza gardas!, ¿para quen? Eu non son buzo
que busca vellos tesouros: o que me atrae,
perlas que antes foran ollos,
ninguén o atopa en solitario, senón que cómpren dous,
cunha soa, limpa, libre, confluyente
mirada que se proxecta máis alá
de toda perla- soamente entón conseguen ser
"felices poucos".
Non, eu estou só, mais o embate
das ondas confórtame. Todo está lonxe e perto,
e non dá acabado nunca esta viaxe

polas palabras:
xa non teño máis nada.

ELEGIA DE VALLVIDRERA

VII

Què significa en veritat
tenir records?

Una campana buida
toca a passat, i totes les figures
del pessebre a la llum del celobert
del pis antic, solemne, es deixondien
frisoses d'anar a plaça, que el Nadal
era ja prop, clar i entelat.

Vastes i buides,
les cambres de grans llits de matrimonis
una mica ja vells: emana fred silenci
de la claror somorta d'aquestes vidres
esmerilats.

Quan tu no hi siguis,
què se'n farà de tot això que fou
ànima teva persistent d'argila,
que tot ho guarda imprès i tou malgrat
no ser-hi tu?

Serás record
de tu mateix, estel que volteja, solt,
en un remot suburbi dellà el temps,
sense mà que el retingui, ja el cordill
amb el deçà, trencat?

Ara, però, m'estic,
bevent recança, en un racó de vespre
del meu hivern: ressonen cascavells,
veus alegres d'infant s'oculten pel silenci,
jugant a fet, i corrugades fulles
mortes de faig s'arremolinen, ertes,
sota una ràfega de vent furtiu
de l'apagat, respectuós novembre.

Es drecen altes les muntanyes. Neva.
Crema a l'estufa bosc.
Aquí, tot, ara,
s'ha deturat.

ELEXÍA DE VALLVIDRERA

VII

¿Que significa, de certo,
ter recordos?

Unha campá vacía
toca a pasado, e todas as figuras
do pesebre á luz do pórtico
do piso antigo, solemne, despreguízanse
impacientes por ir á praza, porque o Nadal
estaba xa próximo, claro e entoldado.

Vastas e vacías,
as habitacións de grandes leitos de matrimonios
un pouco vellos xa: emana frío silencio
da claror esmaiada destes vidros
esmerilados.

Cando ti non sexas,
¿que se fará de todo isto que foi
persistente alma túa de arxila,

que todo o garda impreso e dócil malia
non ser ti?
¿Serás recordo
de ti mesmo, estrela que xira, libre,
nun remoto suburbio ao outro lado do tempo,
sen man que a reteña, tronzado xa
o cordel co aquí?
Mais agora, estou,
bebendo remorso, nun recanto da noite
do meu inverno: resoan axoueres,
voces alegres de neno a ocultarse polo silencio,
xoguetonamente, e arrugadas follas
mortas de espiñeiro arremuíñanse, rixosas,
sob unha ráfega de vento furtivo
do apagado, respetuoso novembro.

Érguense altas, as montañas. Neva.
Arde na estufa leña.
Aquí, agora, todo
acabou.